

ENQUISA SOBRE A POBOACIÓN OCUPADA NOS SECTORES
DA PESCA E DA ACUICULTURA MARIÑA EN GALICIA

OCUPESCA 2017



XUNTA DE GALICIA

ENQUISA SOBRE A POBOACIÓN OCUPADA NOS
SECTORES DA PESCA E DA ACUICULTURA MARIÑA EN
GALICIA

OCUPESCA 2017



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR
Santiago de Compostela
2018

Servizo de Análise e de Rexistros
Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e
Innovación Tecnolóxica

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 547 468
Fax: 981 544 740
Enderezo electrónico: sarex.mar@xunta.gal

Elaboración:

Servizo de Análise e de Rexistros

Entidades colaboradoras:

Instituto Galego de Estatística (IGE),
Sivsa, Soluciones Informáticas, SA

Traballo de campo:

Enquisa, SL

Edita:

Xunta de Galicia
Consellería do Mar

Deseño e maquetación:

Enquisa SL

Agradecementos:

A todas as persoas enquisadas dos sectores galegos da pesca e da acuicultura mariña que facilitaron a información necesaria para obter os resultados da presente publicación.

ÍNDICE

PRÓLOGO

INTRODUCCIÓN

METODOLOXÍA

PRINCIPAIS RESULTADOS

1 PESCA EXTRACTIVA

- 1.1. OCUPACIÓN NA PESCA EXTRACTIVA POR ESTRATO
- 1.2. OCUPACIÓN POR XÉNERO, IDADE E NACIONALIDADE
- 1.3. DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA DA OCUPACIÓN
- 1.4. OCUPACIÓN POR SITUACIÓN PROFESIONAL

2 ACUICULTURA MARIÑA

- 2.1. OCUPACIÓN POR ESTRATO
- 2.2. OCUPACIÓN POR XÉNERO, IDADE E NACIONALIDADE
- 2.3. SITUACIÓN PROFESIONAL DOS OCUPADOS E OCUPADAS

3 DATOS ECONÓMICOS

- 3.1. FACTURACIÓN NA PESCA EXTRACTIVA
- 3.2. FACTURACIÓN NA ACUICULTURA MARIÑA

4 EVOLUCIÓN 2011-2017

- 4.1. PESCA EXTRACTIVA
- 4.2. ACUICULTURA
- 4.3. DATOS ECONÓMICOS

PRÓLOGO

O VALOR DO NOSO MAR, O VALOR DAS PERSOAS QUE NEL TRABALLAN

Sen dúbida, o maior valor do mar de Galicia reside nas persoas que nel teñen o seu medio de vida. Quen baixa todos os días á praia a mariscar, quen vai á batea ou quen sae entre as puntas do peirao para procurar o mellor do noso mar son os protagonistas dunha historia de sacrificio e traballo que fai de Galicia unha rexión punteira nesta materia no ámbito mundial.

Ademais desa historia sobre unha tarefa épica, non debemos esquecer que nesas persoas se garda o máis importante do noso futuro como comunidade pesqueira: o saber facer. Ese coñecemento é o que garda a alma de permanencia da nosa pesca, do noso marisqueo ou da nosa acuicultura e témolo espallado por todos os mares do mundo para plantar, criar e afianzar o que hoxe somos: unha metrópole no eido marítimo-pesqueiro.

Por iso podemos dicir que as persoas son o maior valor do noso mar. E por iso podemos sustentar que aquela petición de equilibrio entre os ámbitos ambientais, económicos e sociais que formulabamos na pasada reforma da Política Común de Pesca tiña toda a razón de ser. Quixemos ese plano de igualdade porque entendiamos, e así nolo demandou o noso sector no Consello Galego de Pesca, que deberíamos ter tamén un Rendemento Máximo Sostible de xente do mar. Necesitamos garantir o futuro dos peixes, pero sobre todo, dos pescadores.

De aí que o enfoque da crise económica, trasladada ao sector marítimo-pesqueiro, fose destinado a gañar competitividade, ben co axuste a frota ou ben coa mellora dos equipamentos e a demanda de produtos do mar. Agora, tras moitos anos rebaixando cifras, temos unha liña ascendente no emprego relacionado co mar, e dispoñemos dun avance positivo neto entre 2015 e 2017 que é especialmente sensible no mundo da pesca, que gaña case un 7 % en termos de persoas embarcadas.

Esta cifra referenda non só a boa evolución dos niveis de afiliación ao Réxime Especial do Mar, senón que se ve acompañado por volumes de descargas e vendas en positivo, que avanza superando medias e que fan que os termos económicos da actividade sexan tamén positivos. Por último, as últimas estimacións científicas e as decisións sobre posibilidades de pesca sosteñen que as nosas frotas se atopan en niveis de sostibilidade en canto aos termos ambientais do seu labor, o que equilibra os tres pés desta ecuación que nos debe levar ao futuro.

Xa que logo, agardamos que esta boa evolución do emprego no mundo do mar sirva como aliciente para acadar o grande obxectivo da nosa estrutura marítimo-pesqueira: a remuda xeracional. O noso mar ten futuro se as persoas que traballan nel teñen futuro. Por iso seguimos pensando e acreditando en que o máis importante do noso mar son as galegas e galegos que nel traballan.

Rosa Quintana Carballo
Conselleira do Mar

INTRODUCCIÓN

A enquisa sobre a poboación ocupada nos sectores da pesca e da acuicultura mariña en Galicia (OCUPESCA) nace en 2011 cos obxectivos de coñecer a poboación ocupada nos buques pesqueiros con porto base na Comunidade Autónoma de Galicia, coñecer a ocupación nas empresas de acuicultura radicadas nela e avaliar as características económicas das unidades de produción da pesca extractiva e da acuicultura.

A primeira edición desta enquisa publicouse en 2012 e nela ofrecíase información sobre a ocupación nestes sectores durante o ano 2011 e a información sobre a súa facturación referida ao ano 2010.

Nesta edición de OCUPESCA danse a coñecer os resultados referidos á poboación ocupada nos buques con porto base en Galicia e nos establecementos acuícolas galegos durante o ano 2017 e a súa facturación económica durante ese mesmo exercicio e que pretende darlles continuidade aos datos obtidos en exercicios anteriores. Ademais, sendo xa esta publicación a cuarta edición que se realiza desta enquisa, inclúese un apartado final onde se reflicte a evolución dos distintos parámetros dende a primeira edición ata a actual.

A inclusión da operación Ocupesca 2017 está programada no Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 como a operación 3205-01 “Enquisa de ocupación na pesca”.

A coordinación do proxecto, o deseño da mostra e a obtención dos resultados a partir da base de datos levouse a cabo dende a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar. O traballo de campo desenvolveuno a empresa Enquisa, SL.

O Instituto Galego de Estatística (IGE) achegou importantes suxestións á parte xeral e, de xeito máis específico, colaborou no referente ás características económicas, tanto na fase de deseño dos cuestionarios coma na obtención dos resultados.

METODOLOXÍA

A poboación obxecto de estudo ou o universo da enquisa Ocupesca na súa edición de 2017 está composta, no caso da pesca extractiva, polo conxunto dos buques pesqueiros con porto base na Comunidade Autónoma de Galicia e, no caso da acuicultura, polas empresas que posúen establecementos de cultivo mariños en Galicia de tipo criadeiras ou granxas, liñas ou gaiolas, parques de cultivo e bateas. En consecuencia, no caso da pesca extractiva cada unidade de mostraxe correspóndese cun único buque, mentres que no caso da acuicultura cada unidade de mostraxe se corresponde cunha empresa que pode ter máis dun establecemento e mesmo establecementos de distinto tipo. Tendo isto en conta, cando a empresa acuícola posúe establecementos de distinto tipo, a súa atribución a un ou outro estrato de mostraxe responde ao criterio da explotación principal, entendida como aquela que achega maior facturación á empresa.

Tendo como marco o Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia e a base de datos para a xestión de cultivos mariños de Galicia, o deseño de mostraxe realizado tivo como referencia un universo de 4419 buques con porto base en Galicia e 2603 empresas de acuicultura na comunidade. Partimos pois de dous universos de estudo distintos e polo tanto de dúas submostras específicas. Estas submostras divídense pola súa vez en diferentes estratos, tal e como se amosa na táboa da páxina seguinte.

No caso da pesca extractiva este universo foi estratificado en función do caladoiro (comunitario, nacional ou internacional) e a arte de pesca principal (arrastre, cerco, arrastre e cerco, enmalle, palangre de fondo, palangre de superficie e artes menores), dando lugar a 10 estratos, sobre os que se procedeu á selección dunha mostra aleatoria simple.


Respecto da acuicultura mariña, os parámetros para a estratificación tiveron en conta o tipo de establecemento principal da empresa (criadeiras e/ou granxas, liñas e/ou gaiolas, parques de cultivo e bateas) dando lugar a 3 estratos. Salvo en determinados estratos onde, debido á súa reducida poboación, a mostra abarcou a totalidade do universo; no resto dos estratos, que conforman a gran maioría, seleccionouse unha mostra aleatoria simple.

Táboa n.º 1. Tamaños de poboación e mostra dos sectores da pesca extractiva e a acuicultura. Ano 2017

PESCA EXTRACTIVA (buques)	Poboación	Mostra
	N.º	N.º
Caladoiro nacional Cantábrico-noroeste	4251	499
Arrastre	66	30
Artes Menores	3927	350
Cerco	150	69
Enmalle	31	14
Palangre de fondo	25	12
Palangre de superficie	52	24
Pesqueiras comunitarias	68	31
Arrastre	24	11
Palangre de fondo	44	20
Pesqueiras internacionais	100	48
Arrastre e cerco	35	17
Palangre de superficie	65	31
TOTAL	4419	578

ACUICULTURA (empresas)	Poboación	Mostra
	N.º	N.º
Criadeiros, granxas, liñas e/ou gaiolas	23	23
Parques de cultivo	666	130
Bateas	1914	204
TOTAL	2603	357

Gráfico n.º 1. Tamaños de poboación e representatividade da mostra nos sectores da pesca extractiva e a acuicultura. Ano 2017



Tanto no caso da pesca extractiva como no da acuicultura mariña, para a recollida de datos os cuestionarios compuxéronse de 2 módulos: un módulo xeral no que se centraron as variables de ocupación e un módulo económico.

Módulo xeral

No módulo de carácter xeral de pesca recóllese a incidencia ocorrida durante o período de recollida de datos ("enquisable", "inactivo en 2017") e os posibles cambios producidos nos datos das mostras (nome do buque, caladoiro, arqueo GT, arqueo TRB, potencia, eslora, porto base, titularidade...); no módulo xeral de acuicultura, ás incidencias da recollida de datos e posibles cambios nos datos de mostraxe engadíranse variables para saber os tipos de establecementos de acuicultura en Galicia propiedade do titular (parques de cultivo, bateas, gaiolas ou liñas de cultivo, granxas mariñas e/ ou criadeiro) e os días dedicados por trimestre de 2017 a cada unha das actividades previstas segundo o tipo de establecemento do que se tratase (recollida e compra de semente, sementeira/encordado, rareos/desdobres, limpeza e colleitas para a venda...).

Tanto no módulo xeral de pesca como no de acuicultura recóllese a información relativa ao número de traballadores do buque ou empresa acuícola.

En ambos os casos, tanto para a acuicultura como para a pesca, neste módulo recóllense todas as variables relacionadas co perfil dos traballadores: días traballados por trimestre, sexo, idade, nacionalidade, lugar de residencia, tipo de contrato, tipo de xornada, altas e baixas na Seguridade Social, duración da xornada laboral etc. Este apartado aplícase para cada entrevistado tantas veces como traballadores declarase anteriormente.

Módulo económico

Aínda que para a mostra da pesca extractiva o módulo xeral recolle datos relativos exclusivamente ao buque ou buques presentes na mostra, o módulo económico recolle os datos relativos ao conxunto da actividade empresarial do armador en 2017. No caso da acuicultura, tanto o módulo xeral como o económico recollen datos do conxunto da actividade empresarial do titular.

Dado que a mostra é aleatoria simple en cada estrato, para obter os resultados dentro de cada un empréganse os estimadores de simple expansión. Isto significa que para estimar o número de persoas ocupadas en Galicia nun determinado estrato h emprégase:

$$\hat{X}^h = N^h \frac{\sum_i X_i^h}{n^h} = \sum_i \frac{N^h}{n^h} X_i^h$$

sendo X_i^h o número de persoas ocupadas na unidade i -ésima do estrato h , n^h o número unidades na mostra do estrato h e N^h o número de unidades da poboación do estrato h .



PRINCIPAIS RESULTADOS



1 PESCA EXTRACTIVA

1.1. OCUPACIÓN NA PESCA EXTRACTIVA POR ESTRATO

EN 2017 OS BUQUES CON PORTO BASE EN GALICIA EMPREGARON 11.377 TRIPULANTES, O 57,6 % EN BUQUES DE ARTES MENORES

O total de 4419 buques censados con porto base en Galicia ocuparon ao longo de 2017 un total de 11.377 tripulantes, unha cifra que rompe a tendencia á baixa rexistrada desde 2011.

Como pode apreciarse na Táboa n.º 2, tanto en termos de frota como de ocupación, o caladoiro nacional destaca pola súa importancia. Concentra máis do 96 % dos buques e máis do 81 % da ocupación. Como é ben coñecido, este estrato está dominado polas artes menores. Estas representan máis do 92 % do total de buques do estrato aínda que, debido ao menor tamaño destas embarcacións, só supoñen un 70 % da ocupación (57,6 % da ocupación total).

Como en anos anteriores, o cerco no caladoiro nacional é a segunda arte con maior número de tripulantes 1312 (un 11,5 % do total). Séguelle o arrastre, cun 5,9 % e o palangre de superficie con un 3,2 %. Enmalle e palangre de fondo neste caladoiro supoñen conxuntamente menos do 1,3 % do total de buques e dan ocupación a algo máis do 3,3 % do total de tripulantes.


En termos de frota, os buques que pescan nos outros dous caladoiros non alcanzan o 4 % do total. Porén, dado que as súas tripulacións son significativamente maiores (especialmente no caso do palangre de fondo nas pesqueiras comunitarias) ocuparon en 2017 a un 18,4 % do total de tripulantes.

Concretamente, en 2017 pescaron en pesqueiras comunitarias o 1,54 % do total de buques mentres que un 2,26 % o fixo en pesqueiras internacionais. En termos de ocupación os primeiros representan un 9,66 % do total, os segundos un 8,75 %. Atendendo ao detalle por estratos debe sinalarse a importancia do palangre de fondo nas pesqueiras comunitarias (un 1 % dos buques representa o 7,35 % da ocupación total). No caso das pesqueiras internacionais, destaca o arrastre e cerco (un 0,8 % dos buques ocupan o 4,6 % do total de tripulantes).

**Táboa n.º 2. Poboación ocupada na pesca extractiva
por caladoiro/tipo de pesca. Ano 2017**

CALADOIRO	Barcos		Tripulantes		Tripulantes/barco (media)
	N.º	%	N.º	%	
Caladoiro nacional Cantábrico-noroeste	4251	96,20 %	9283	81,59 %	2,18
Arrastre	66	1,49 %	673	5,91 %	10,19
Artes menores	3927	88,87 %	6558	57,64 %	1,67
Cerco	150	3,39 %	1.312	11,53 %	8,75
Enmalle	31	0,70 %	215	1,89 %	6,93
Palangre de fondo	25	0,57 %	162	1,42 %	6,48
Palangre de superficie	52	1,18 %	363	3,19 %	6,99
Pesqueiras comunitarias	68	1,54 %	1099	9,66 %	16,16
Arrastre	24	0,54 %	263	2,31 %	10,95
Palangre de fondo	44	1,00 %	836	7,35 %	19,00
Pesqueiras internacionais	100	2,26 %	995	8,75 %	9,95
Arrastre e cerco	35	0,79 %	522	4,59 %	14,91
Palangre de superficie	65	1,47 %	473	4,16 %	7,28
TOTAL	4419	100,00 %	11.377	100,00 %	2,57

Gráfico n.º 2. Tripulantes por estrato. Ano 2017



Como se sinalou, existen significativas diferenzas entre os distintos estratos. As distintas artes e os diferentes caladoiros implican buques de tamaño moi diferente e singraduras de moi distinta duración. Son os caladoiros comunitarios os que mostran unha maior tripulación media (16,16 tripulantes por embarcación). Pero incluso dentro deste caladoiro apréciase o efecto desta heteroxeneidade. Así, a tripulación media dos buques palangreiros de fondo é de 19 tripulantes mentres que entre os barcos de arrastre non alcanza os 11 tripulantes. No caso dos caladoiros internacionais a tripulación media é algo menor, 9,95 tripulantes. De novo con amplas diferenzas entre estratos: 14,9 para os buques de arrastre e cerco e 7,3 tripulantes para os palangreiros de superficie. Como en anos anteriores, o caladoiro nacional mostra a tripulación media máis baixa (2,18 tripulantes por embarcación) debido ao significativo peso das artes menores (se se exclúen estas, a tripulación media deste caladoiro sería de 8,4 tripulantes por embarcación).

Como se adiantou anteriormente, o número de tripulantes estimado rompeu a tendencia negativa observada en edicións anteriores, e rexistrouse un aumento de case o 7 % da ocupación respecto a 2015. Este aumento débese principalmente ao crecemento da ocupación no caladoiro nacional (9,73 %), e en menor medida ao das pesqueiras comunitarias.

**Táboa n.º 3. Poboación ocupada na pesca extractiva por estrato.
Comparativa 2015-2017**

CALADOIRO	N.º de buques			N.º de tripulantes		
	2017	2015	% var.	2017	2015	% var.
Caladoiro nacional Cantábrico-noroeste	4251	4261	-0,23%	9283	8460	9,73 %
Artes menores	3927	3932	-0,13 %	6558	5732	14,41 %
Resto	324	329	-1,52 %	2725	2728	-0,12 %
Pesqueiras comunitarias	68	72	-5,56 %	1099	1096	0,27 %
Pesqueiras internacionais	100	105	-4,76 %	995	1080	-7,85 %
TOTAL	4419	4438	-0,43 %	11.377	10.635	6,98 %

1.2. OCUPACIÓN POR XÉNERO, IDADE E NACIONALIDADE

Unha correcta apreciación da realidade sociodemográfica tras estas cifras de ocupación esixe prestar atención ás diferentes variables relevantes neste ámbito, tales como o xénero, a idade ou a nacionalidade. Trátase, como cabe esperar, de variables que mostran grandes diferenzas por estrato.

**A PRESENZA DA MULLER NA TRIPULACIÓN DOS BUQUES SEGUE A SER BAIXA;
UNICAMENTE SUPERA O 1 % NO CALADOIRO NACIONAL E NO
ESTRATO DE ARTES MENORES ROZA O 7 %**

Tal e como xa se observara nas edicións anteriores, a representación da muller nas tripulacións segue sendo pequena (4,13 % do total de tripulantes). Parece que o seu rol segue reservándose a outro tipo de tarefas relacionadas coa pesca.

Entre os buques que pescan nas pesqueiras internacionais non se observou a presenza de ningunha muller nas tripulacións. Tampouco se registrou a presenza de mulleres no palangre de fondo en pesqueiras comunitarias.

**Táboa n.º 4. Poboación ocupada na pesca extractiva
por xénero. Ano 2017**

CALADOIRO	Home		Muller		Total
	N.º	%	N.º	%	Nº
Caladoiro nacional Cantábrico-noroeste	8815	94,96 %	468	5,04 %	9283
Pesqueiras comunitarias	1097	99,80 %	2	0,20 %	1099
Pesqueiras internacionais	995	100,00 %	0	0,00 %	995
TOTAL	10.907	95,87 %	470	4,13 %	11.377

Como pode apreciarse na Táboa n.º 4, tan só no caladoiro nacional se observa unha presenza de mulleres significativa, aínda que reducida (5 % da ocupación do estrato). Esta cifra, non obstante, esconde unha distribución moi desigual por estratos.


Así, a presenza da muller só é significativa no estrato de artes menores no caladoiro nacional, onde supoñen algo máis do 7 % do total da ocupación do estrato. Os resultados para o resto de estratos son tan baixos que resultan igual de testemuñais que os observados no resto de caladoiros (o palangre de fondo no caladoiro nacional, que na edición anterior mostrou a presenza dun 3,23 % de mulleres nas súas tripulacións, registrou neste exercicio tan só un 1,29 %).

DOUS DE CADA TRES TRIPULANTES TEÑEN ENTRE 35 E 54 ANOS

A distribución por idades dos tripulantes mostra un resultado moi similar ao obtido na edición anterior. Un 66,8 % dos tripulantes sitúase no tramo de idade de entre 35 e 54 anos, que continúa sendo maioritario entre os tripulantes.

O tramo de idade de 16 a 34 anos perdeu algo de peso (18,8 % do total fronte ao 21,1 % correspondente a 2015). En consecuencia, o tramo de 55 ou máis anos gañou relevancia, 14,0 % fronte ao 12,2 % observado hai dous anos. A maior parte deste 14 % sitúase no tramo de entre 55 e 59 anos (11 %) debido á posibilidade de adianto da idade de xubilación permitido polo réxime especial do mar do ISM.

Gráfico n.º 3. Poboación ocupada na pesca extractiva por tramo de idade. Ano 2017



A distribución por idades dos tripulantes é, non obstante, algo diferente entre caladoiros e incluso entre estratos nalgúns casos. Por unha parte, o segmento de entre 35 a 54 anos é maioritario nas pesqueiras comunitarias (74,5 %) e nas pesqueiras internacionais (71,5 %). O peso deste tramo de idade redúcese no caladoiro nacional ata o 65,4 %. Por outra parte, o segmento de menor idade (16 a 34 anos) mostra o seu máximo no caladoiro nacional (20,7 %, concentrado especialmente nas artes menores e o cerco), e é considerablemente menor nas pesqueiras comunitarias (9,1 %) e internacionais (11,4 %). No tramo

de maior idade (55 ou máis anos) destaca o palangre de superficie, tanto no caladoiro nacional (22,2 % da ocupación) como nas pesqueiras internacionais (18,4 %).

O 86,18 % DOS TRIPULANTES DA FROTA EXTRACTIVA GALEGA TEÑEN NACIONALIDADE ESPAÑOLA, PORCENTAXE QUE VARIA NOTABLEMENTE EN FUNCIÓN DO CALADOIRO

O 86,18 % dos tripulantes da frota galega en 2017 tiñan nacionalidade española, o 12,44 % eran estranxeiros e o 1,37 % restante tiña dobre nacionalidade.

A distribución destas cifras por caladoiros é moi heteroxénea. No caladoiro nacional a porcentaxe de tripulantes con nacionalidade española alcanza o 91,1 %, porcentaxe que se reduce ao 78,1 % no caso das pesqueiras internacionais e ao 52,1 % nas pesqueiras comunitarias.

A porcentaxe de tripulantes estranxeiros é particularmente elevado nas pesqueiras comunitarias, onde alcanzan un 46,5 % do total. Nas pesqueiras internacionais esta porcentaxe redúcese ata alcanzar un 17,5 % de tripulantes estranxeiros.


Polo que se refire a tripulantes con dobre nacionalidade, estes alcanzaron un 4,4 % do total nas pesqueiras internacionais. No resto de caladoiros as cifras son lixeiramente superiores ao 1 %.

Se atendemos ás diferentes nacionalidades dos tripulantes estranxeiros, obsérvase que un 3,44 % do total son de nacionalidade indonesia, un 3,06 % de nacionalidade senegalesa, un 1,94 % de nacionalidade marroquí e un 1,25 % de nacionalidade peruana. Os tripulantes con nacionalidade indonesia localízanse maioritariamente nas pesqueiras comunitarias, os de nacionalidade senegalesa, marroquí e peruana, no caladoiro nacional.

Táboa n.º 5. Poboación ocupada na pesca extractiva por caladoiro e nacionalidade. Ano 2017

NACIONALIDADE	Caladoiro nacional		Pesqueiras comunitarias		Pesqueiras internacionais		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Española	8455	91,08 %	573	52,13 %	778	78,12 %	9805	86,18 %
Española e outra	97	1,05 %	15	1,35 %	44	4,41 %	156	1,37 %
Estranxeira	731	7,87 %	511	46,48 %	174	17,47 %	1415	12,44 %
NS / NC	0	0,00 %	1	0,05 %	0	0,00 %	1	0,00 %
TOTAL	9283	100,00 %	1099	100,00 %	995	100,00 %	11.377	100,00 %

Gráfico n.º 4. Distribución porcentual por nacionalidade da poboación ocupada na pesca extractiva. Ano 2017



1.3. DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA DA OCUPACIÓN

O estudo da distribución territorial da ocupación realizouse tendo en conta a localización do porto base da embarcación. De acordo con este criterio, obsérvase que máis da metade da tripulación (50,2 %) estivo ocupada en buques con porto base na provincia da Coruña, un 37,3 % traballaron en buques rexistrados en Pontevedra e o 12,5 % restante corresponden á provincia de Lugo.

Tal e como se vén observando en anteriores edicións, apréciase unha certa especialización nun ou noutro caladoiro dependendo da provincia.

Así, o 76,1 % da ocupación no estrato de pesqueiras comunitarias correspóndese con tripulantes de buques censados en Lugo (o 58,8 % dos 1422 tripulantes localizados en Lugo pertencen a este estrato). Por outra parte, o 88,0 % dos tripulantes pertencentes ao estrato de pesqueiras internacionais correspóndese con buques censados en Pontevedra (non obstante, representan tan só o 20,6 % dos tripulantes desta provincia debido ao peso do caladoiro nacional nela). Por último, na Coruña localízase o 59,5 % dos tripulantes pertencentes ao caladoiro nacional (que representan o 96,8 % da ocupación na provincia).

Táboa n.º 6. Poboación ocupada na pesca extractiva por caladoiro, tipo de pesca e provincia. Ano 2017

PROVINCIA	Caladoiro nacional		Pesqueiras comunitarias		Pesqueiras internacionais		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
A Coruña	5526	59,53 %	118	10,77 %	66	6,61 %	5710	50,19 %
Lugo	532	5,73 %	836	76,08 %	53	5,37 %	1422	12,50 %
Pontevedra	3225	34,74 %	145	13,15 %	876	88,01 %	4245	37,31 %
TOTAL	9283	100,00 %	1099	100,00 %	995	100,00 %	11.377	100,00 %

1.4. OCUPACIÓN POR SITUACIÓN PROFESIONAL

DOUS DE CADA TRES TRIPULANTES SON ASALARIADOS MENTRES QUE UN TERZO TRABALLA POR CONTA PROPIA, DATOS QUE PRESENTAN IMPORTANTES VARIACIÓNS EN FUNCIÓN DO ESTRATO


O 66,0 % das persoas ocupadas na pesca extractiva en Galicia durante 2017 son asalariadas e, por tanto, traballadoras por conta allea. A ocupación por conta propia ascende a un 33,9 % do total, e a maioría destes casos están centrados no caladoiro nacional; dado que a tripulación media por buque de artes menores está en 1,67 tripulantes/embarcación, o normal é que o réxime de cotización ao que teñan que acollerse os propietarios/tripulantes sexa o de conta propia. O peso deste tipo de réxime de cotización aumenta no devandito estrato.

Táboa n.º 7. Poboación ocupada na pesca extractiva por situación profesional. Ano 2017

Situación Profesional	Caladoiro nacional		Pesqueiras comunitarias		Pesqueiras internacionais		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Conta allea	5426	58,45 %	1095	99,60 %	991	99,58 %	7511	66,02 %
Conta propia	3843	41,40 %	4	0,40 %	4	0,42 %	3852	33,86 %
Outras situacións	14	0,15 %	0	0,00 %	0	0,00 %	14	0,12 %
TOTAL	9283	100,00 %	1099	100,00 %	995	100,00 %	11.377	100,00 %

De maneira coincidente co observado en edicións anteriores, aprécianse importantes diferenzas dependendo do caladoiro. O traballo por conta allea é maioritario tanto nas pesqueiras comunitarias (99,60 %) como internacionais (99,58 %). No caladoiro nacional, polo contrario, esta porcentaxe é tan só do 58,45 %. O traballo por conta propia alcanza un 41,4 % da ocupación no caladoiro nacional e é practicamente inexistente no resto de caladoiros (arredor do 0,4 % en ambos os casos).

Gráfico n.º 5. Poboación ocupada na pesca extractiva por situación profesional. Ano 2017



O 65,96 % das persoas ocupadas na pesca extractiva en 2017 xa estaban dadas de alta anteriormente no réxime especial do mar do ISM polo que non foron causa dunha nova alta nese exercicio. Un 33,77 % adicional si causou alta, porcentaxe que engloba tanto a aquelas que son dadas de alta por primeira vez como aquelas que a comezo de ano se atopaban de baixa por diversos motivos.

Obsérvanse diferenzas significativas entre caladoiros no que se refire ás altas no réxime especial do mar do ISM no ano. Así, algo máis da metade (50,6 %) da ocupación nas pesqueiras internacionais foi dada de alta no ano, porcentaxe que descende ao 44,8 % no caso das pesqueiras comunitarias e ao 30,7 % no caso do caladoiro nacional.

2 ACUICULTURA MARIÑA

2.1. OCUPACIÓN POR ESTRATO

**EN 2017 AS 2603 EMPRESAS DE ACUICULTURA MARIÑA EXISTENTES
EN GALICIA DÉRONLLES TRABALLO A 5229 PERSOAS**

De acordo coa base de datos para a xestión de cultivos mariños en Galicia, en 2017 había na comunidade autónoma 2603 empresas de acuicultura mariña cun volume de ocupación que se estima en 5229 traballadores e traballadoras. Estes resultados supoñen, en consecuencia, unha media aproximada de 2 persoas ocupadas por empresa, algo inferior ao observado na edición anterior. Esta cifra, non obstante, esconde importantes diferenzas dependendo do estrato.

En todo caso, se atendemos ao volume total, tanto de empresas como de persoas ocupadas, debe destacarse, como en anos anteriores, a importancia do estrato das bateas. En efecto, este estrato segue a supoñer case as tres cuartas partes (74,39 %) do total de persoas ocupadas na acuicultura. En termos de empresas o resultado é similar (73,53 %).

Dada a súa distinta natureza, o tamaño medio de establecemento é moi diferente entre os distintos estratos, o que, en consecuencia, produce diferentes distribucións do número de empresas e de persoas ocupadas. Así, os parques de cultivo supoñen algo máis da cuarta parte do total de empresas de acuicultura e o número de criadeiras, granxas, liñas de cultivo e gaiolas é moito máis reducido (0,88 % do total de empresas). Non obstante, en termos de emprego cada un destes estratos totaliza un volume de persoas ocupadas similar, próximo ao 13 % do total.

Táboa n.º 8. Poboación ocupada na acuicultura por estrato. Ano 2017

Establecemento	Empresas		Persoas ocupadas		N.º medio persoas ocupadas
	N.º	%	N.º	%	
Bateas	1914	73,53 %	3890	74,39 %	2,03
Parques de cultivo	666	25,59 %	666	12,74 %	1,00
Criadeiras, granxas, liñas de cultivo e gaiolas	23	0,88 %	673	12,87 %	29,27
TOTAL	2603	100,00 %	5229	100,00 %	2,01

O estrato de parques de cultivo amosa un tamaño medio dunha persoa ocupada por establecemento. Este feito ten a súa explicación principalmente polo escaso volume de ocupación observado durante o primeiro trimestre de 2017. Séguelle en tamaño medio o estrato das bateas, cun total de 2,03 persoas ocupadas por establecemento. O último estrato está dominado polos criadeiras e granxas que, ao requirir máis man de obra, amosan un tamaño de ocupación máis elevado (case trinta persoas ocupadas por establecemento para todo o estrato).

Táboa n.º 9. Poboación ocupada na acuicultura por tipo de establecemento. Comparativa 2015-2017

Establecemento	N.º de empresas			N.º de persoas ocupadas		
	2017	2015	% Var.	2017	2015	% Var.
Bateas	1914	1929	-0,78 %	3890	4416	-11,91 %
Parques de cultivo	666	682	-2,35 %	666	886	-24,83 %
Criadeiras, granxas, liñas de cultivo e gaiolas	23	30	-23,33 %	673	648	3,90 %
TOTAL	2603	2641	-1,44 %	5229	5949	-12,10 %

O volume de ocupación amosa grandes diferenzas entre os distintos estratos considerados. Os criadeiras, granxas, liñas de cultivo e gaiolas presentan un crecemento do emprego, que se sitúa arredor do 4 %. Nas bateas e parques de cultivo obsérvase unha diminución da ocupación con respecto ao 2015.

2.2. OCUPACIÓN POR XÉNERO, IDADE E NACIONALIDADE

**AS MULLERES SUPOÑEN MÁIS DO 21 % DO
EMPREGO NA ACUICULTURA GALEGA.
NOS PARQUES DE CULTIVO ESTA RATIO ACADA O 35,38 %**

A acuicultura en Galicia empregou durante 2017 a 4111 homes e 1118 mulleres. Isto supón que un 21,38 % da ocupación está constituída por mulleres.

A distribución por estratos pon de manifesto algunhas diferenzas. Nos criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas, estrato no que crece o emprego, o peso das mulleres na ocupación aumentou ata case un 30 %.

Táboa n.º 10. Poboación ocupada na acuicultura por tipo de establecemento e xénero. Ano 2017

Xénero	Bateas		Parques de cultivo		Criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Homes	3205	82,40 %	430	64,62 %	476	70,66 %	4111	78,62 %
Mulleres	685	17,60 %	236	35,38 %	198	29,34 %	1118	21,38 %
TOTAL	3890	100,00 %	666	100,00 %	673	100,00 %	5229	100,00 %

A pesar da diminución da proporción de mulleres, o estrato de parques de cultivo continúa a ser o que amosa unha maior presenza (35,38 %). Nas bateas, pola contra, a porcentaxe de mulleres é do 17,60 %.

O 62,6 % DAS PERSOAS OCUPADAS NA ACUICULTURA TEN ENTRE 35 E 54 ANOS

Se atendemos á distribución por idades, pode apreciarse que un 62,6 % das persoas ocupadas ten entre 35 e 54 anos, unha porcentaxe lixeiramente superior á observada en 2015. Trátase, en todo caso, do tramo de idade maioritario en todos os estratos cun mínimo arredor do 53 % nos parques de cultivo e un máximo por riba do 65 % no caso das bateas.

Séguelle en importancia o segmento de 55 anos en adiante, cunha porcentaxe próxima ao 21 % do total da ocupación na acuicultura.

Táboa n.º 11. Poboación ocupada na acuicultura por tramos de idade. Ano 2017

Establecemento	16-34 anos		35-54 anos		55 ou mais anos		NS / NC		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Criadeiros, granxas, liñas e gaiolas	180	26,7 %	396	58,9	68	10,1 %	29	4,3 %	673	100,0
Parques de cultivo	79	11,0 %	380	52,8	197	27,4 %	9	8,9 %	666	100,0
Bateas	518	13,4 %	2516	65,1	830	21,5 %	26	0,0 %	3890	100,0
Total	777	14,8 %	3293	62,6 %	1095	20,8 %	64	1,8 %	5229	100,0

O segmento de entre 16 e 34 anos de idade segue a ser o menos numeroso en todos os estratos.

MENOS DO 0,5 % DAS PERSOAS OCUPADAS NA ACUICULTURA É DE NACIONALIDADE ESTRANXEIRA

A presenza de persoas ocupadas con nacionalidade estranxeira na acuicultura mariña galega en 2017 é minoritaria, e alcanza tan só un 0,40 % do total cun máximo do 1,60 % no estrato de criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas.

Táboa n.º 12. Poboación ocupada na acuicultura por nacionalidade. Ano 2017

Nacionalidade	Bateas		Parques de cultivo		Criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Española	3875	99,62 %	666	100,00 %	658	97,66 %	5199	99,41 %
Española outra	5	0,12 %	0	0,00 %	5	0,74 %	10	0,19 %
Estranxeira	10	0,26 %	0	0,00 %	11	1,60 %	21	0,40 %
TOTAL	3890	100,00 %	666	100,00 %	674	100,00 %	5229	100,00 %

2.3. SITUACIÓN PROFESIONAL DOS OCUPADOS E OCUPADAS

CASE O 60 % DAS PERSOAS OCUPADAS NA ACUICULTURA GALEGA TRABALLAN POR CONTA PROPIA

A ACUICULTURA GALEGA DEULLES TRABALLO A 1442 PERSOAS POR CONTA ALLEA


Case un 60 % das persoas ocupadas na acuicultura mariña galega en 2017 traballou por conta propia. Este traballo por conta propia é máis frecuente no estrato dos parques de cultivo, no que representa máis do 73 % e no das bateas, onde supón as dúas terceiras partes da ocupación. Pola contra, o estrato de criadeiras, granxas, liñas de cultivo e gaiolas tan só alcanza un 1,6 %.

Táboa n.º 13. Poboación ocupada na acuicultura por tipo de establecemento e situación profesional. Ano 2017


Situación profesional	Bateas		Parques de cultivo		Criadeiras, granxas, liñas de cultivo e gaiolas		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Conta allea	731	18,79 %	49	7,31 %	662	98,37 %	1442	27,57 %
Conta propia	2582	66,38 %	489	73,46 %	11	1,63 %	3082	58,94 %
Outras situacións	577	14,83 %	128	19,23 %	0	0,00 %	705	13,48 %
TOTAL	3890	100,00 %	666	100,00 %	673	100,00 %	5229	100,00 %

Gráfico n.º 6. Poboación ocupada na acuicultura por situación profesional para cada tipo de establecemento. Ano 2017


Ocupación por tipo de establecemento




Bateas



Parques de cultivo



Criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas



O total de persoas asalariadas ascende a 1442, un 27,6 % do total. É no estrato de criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas onde esta figura é predominante (98,4 % da ocupación). Nas bateas o traballo asalariado representa o 18,8 % da ocupación, porcentaxe que se reduce ao 7,3 % no caso dos parques de cultivo.

3 DATOS ECONÓMICOS

A FACTURACIÓN TOTAL DO SECTOR ALCANZOU EN 2017 OS 1146 MILLÓNS DE EUROS

Os resultados da enquisa indican que o importe neto da cifra de negocios do sector obxecto de estudo alcanzou os 1146 millóns de euros, dos cales 889 millóns lle corresponderon á pesca extractiva e 257 millóns á acuicultura.

3.1. FACTURACIÓN NA PESCA EXTRACTIVA


Táboa n.º 14. Facturación media na pesca extractiva
por estrato. Ano 2017

Caladoiro	Facturación		N.º ocupados/as		€/ocupado/a
	Miles €	%	N.º	%	
Caladoiro nacional Cantábrico-noroeste	316.452	35,6 %	9283	81,6 %	34.090
Artes menores	121.862	13,7 %	6558	57,6 %	18.582
Resto	194.590	21,9 %	2725	24,0 %	71.414
Pesqueiras comunitarias	137.778	15,5 %	1099	9,7 %	125.377
Pesqueiras internacionais	435.024	48,9 %	995	8,7 %	437.097
TOTAL	889.254	100,0 %	11.377	100,0 %	78.162

Con respecto aos datos da última edición (ano 2015), a cifra de negocios na pesca extractiva incrementouse un 10,9 %, con taxas de crecemento positivas en todos os estratos. No caladoiro nacional temos un incremento do 20 % na facturación, no caladoiro comunitario o incremento foi do 5,2 %, mentres que no caladoiro internacional se incrementou un 6,8 %.

O 49 % da facturación total no sector da pesca extractiva provén do caladoiro internacional, o 15,5 % do comunitario e o restante 35,6 % do nacional. Este caladoiro gañou peso no sector, porén a súa presenza é inferior á recollida na edición de 2010.

Gráfico n.º 7. Euros por pessoa ocupada na pesca extractiva. Ano 2017



3.2. FACTURACIÓN NA ACUICULTURA MARIÑA

Táboa n.º 15. Facturación media na acuicultura por establecemento. Ano 2017

Establecemento	Facturación		N.º ocupados/as		€/ocupado/a
	Miles €	%	N.º	%	
Bateas	133.874	52,1 %	3890	74,4 %	34.415
Parques de cultivo	8449	3,3 %	666	12,7 %	12.686
Criadeiras, granxas, liñas e gaiolas	114.699	44,6 %	673	12,9 %	170.366
TOTAL	257.022	100,0 %	5229	100,0 %	49.151

Na acuicultura as bateas representan o 52,1 % da facturación total, mentres os criadeiras, granxas, gaiolas ou liñas de cultivo achegan o 44,6 % do sector e a facturación dos parques de cultivo representa só o 3,3 % restante.

Con respecto a 2015 a distribución sofre cambios significativos. O subsector de criadeiras, granxas, gaiolas e liñas ten cada vez máis relevancia na acuicultura galega, e é destacable a evolución positiva da cifra de negocios no período 2015-17 no estrato destas empresas.

**O SECTOR ACHEGOU 655 MILLÓNS DE EUROS DE VALOR
ENGADIDO, O QUE REPRESENTA UN 1,1 % DO PIB DE GALICIA**

A partir dos resultados obtidos na enquisa podemos facer unha transformación dos datos obtidos, que responden á contabilidade empresarial, a variables de contabilidade nacional. En particular é interesante a aproximación ao valor engadido bruto (VEB) xerado polo sector, para situar o peso do sector no contexto da economía galega. É dicir, calcular o VEB do sector permítenos a comparativa co produto interior bruto (PIB) de Galicia.

O valor engadido xerado polo sector ascendeu a 655 millóns de euros, dos cales 165 millóns proveñen do sector acuícola, e o resto (489 millóns de euros) son xerados pola pesca extractiva.

4 EVOLUCIÓN 2011-2017

4.1. PESCA EXTRACTIVA

Como xa se sinalou, o resultado correspondente a 2017 rompeu a tendencia descendente da ocupación na pesca extractiva que se viña observando desde a primeira edición de OCUPESCA. Así a ocupación total situouse en niveis próximos aos rexistrados en 2013. A distribución por estratos, non obstante, mostra algunhas diferenzas.

Táboa n.º 16. Evolución da ocupación na pesca extractiva por estrato.

CALADOIRO	Tripulantes				Tripulantes/Barco			
	2011	2013	2015	2017	2011	2013	2015	2017
Caladoiro nacional								
Cantábrico-noroeste	9981	9211	8460	9.283	2,19	2,08	1,99	2,18
Artes menores	6914	6136	5732	6558	1,65	1,51	1,46	1,67
Resto	3067	3075	2728	2725	8,14	8,57	8,29	8,41
Pesqueiras comunitarias	1249	1114	1096	1099	11,05	12,24	15,22	16,16
Pesqueiras internacionais	1322	1421	1080	995	11,02	11,65	10,29	9,95
TOTAL	12.552	11.746	10.635	11.377	2,62	2,54	2,40	2,57

Así, no caladoiro nacional a ocupación media por embarcación volveu aos valores rexistrados en 2011. Polo contrario os outros dous estratos mostran un comportamento dispar: nas pesqueiras comunitarias a tendencia é clara cara a un maior número de persoas ocupadas por embarcación mentres que nas pesqueiras internacionais a tendencia é a contraria.

En canto á presenza da muller nas tripulacións dos buques, non se rexistrou ningunha variación significativa. A proporción de mulleres situouse en todos os exercicios entre un 4 % e un 4,5 %.

**Táboa n.º 17. Evolución da distribución por xénero
da poboación ocupada na pesca extractiva**

ANO	Home		Muller		Total
	N.º	%	N.º	%	Nº
2011	12.034	95,9 %	518	4,1 %	12.552
2013	11.273	96,0 %	473	4,0 %	11.746
2015	10.157	95,5 %	477	4,5 %	10.635
2017	10.907	95,9 %	470	4,1 %	11.377

Atendendo á distribución por idade si cabe afirmar que se aprecia un certo envellecemento da ocupación, toda vez que o segmento de menor idade (16 a 34 anos) foi perdendo peso relativo ao longo de toda a serie, e pasou de máis dunha cuarta parte da ocupación en 2011 a un 18,8 % en 2017. O segmento intermedio mantívose estable no contorno dos dous terzos da ocupación total. En consecuencia, é o segmento de maior idade (55 e máis anos) o que experimentou unha maior ganancia en peso relativo.

**Táboa n.º 18. Evolución da distribución por tramos de
idade da poboación ocupada na pesca extractiva**

Idade	Ano			
	2011	2013	2015	2017
De 16 a 34 anos	26,7 %	22,2 %	21,1 %	18,8 %
De 35 a 54 anos	62,6 %	67,6 %	66,2 %	66,8 %
De 55 e máis anos	8,3 %	7,9 %	12,2 %	14,0 %
Non sabe/Non contesta	2,4 %	2,4 %	0,5 %	0,5 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

A distribución da ocupación por nacionalidades mantívose estable ao longo de todo o período considerado. Cabe sinalar, porén, un lixeiro crecemento da proporción de tripulantes con dobre nacionalidade.

Táboa n.º 19. Evolución da distribución por nacionalidade da poboación ocupada na pesca extractiva

Nacionalidade	Ano			
	2011	2013	2015	2017
Española	86,6 %	85,0 %	86,9 %	86,2 %
Española e outra	0,6 %	0,6 %	1,4 %	1,4 %
Estranxeira	12,5 %	14,4 %	11,7 %	12,4 %
Non sabe/Non contesta	0,4 %	0,0 %	0,0 %	0,0 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Polo que se refire á situación profesional, a estrutura amósase moi estable desde a primeira edición: dous terzos das persoas ocupadas traballan por conta allea e un terzo fano por conta propia.

Táboa n.º 20. Evolución da poboación ocupada na pesca extractiva por situación profesional

Situación profesional	Persoas ocupadas			
	2011	2013	2015	2017
Conta allea	8276	8026	7114	7511
Conta propia	4101	3659	3490	3852
Outras situacións	126	31	14	14
Non sabe /Non contesta	49	30	17	0
Total	12.552	11.746	10.635	11.377

4.2. ACUICULTURA

No caso da acuicultura a poboación ocupada comportouse dunha forma similar nos distintos tipos de establecementos, e rexistrou unha certa recuperación para todos eles en 2015.

Táboa n.º 21. Evolución da poboación ocupada na acuicultura por estrato

ESTABLECEMENTO	Persoas ocupadas				Persoas ocupadas/ Empresa			
	2011	2013	2015	2017	2011	2013	2015	2017
Bateas	4947	4052	4416	3890	2,45	2,03	2,29	2,03
Parques de cultivo	896	795	886	666	1,40	1,20	1,30	1,00
Criadeiras, granxas, liñas de cultivo e gaiolas	589	614	648	673	31,00	19,81	21,58	29,27
TOTAL	6432	5461	5949	5229	2,40	2,03	2,25	2,01

No estrato de bateas obsérvase no 2013 unha caída na ocupación media directamente relacionada cos numerosos episodios tóxicos (mareas vermellas) acontecidos durante ese exercicio que motivaron que moitos polígonos de bateas de mexillón estivesen pechados durante períodos prolongados de tempo, o que afectou á produción acuícola dese ano e consecuentemente, aos datos de ocupación neste sector.

Hai que facer constar que na edición de Ocupesca 2011, na poboación tida en conta no estrato "Criadeiras, granxas, liñas de cultivo e gaiolas" só estaban incluídas as granxas e criadeiras, sen que se tiveran en conta as liñas de cultivo nin as gaiolas, que se incluíron a partir da edición de 2013. Polo tanto, os datos obtidos nesa edición de 2011 non son directamente comparables e hai que tomar a comparativa dese estrato nese ano con precaución. De feito a caída no emprego medio deste estrato entre 2011 e 2013 pode ser debido precisamente a incluír estas novas unidades. A partir de 2013, a ocupación media neste estrato ten unha tendencia crecente en todo o período considerado.

É destacable o incremento en 2017 da ocupación media por empresa nos criadeiras, granxas, liñas de cultivo e gaiolas, que recuperou case os valores de persoas ocupadas por empresa da primeira edición.

En función dos estratos enquisados, obsérvase que a presenza da muller na acuicultura mariña galega ten unha tendencia a diminuír, aínda que en todas as edicións realizadas presenta valores de ocupación superiores aos obtidos na pesca extractiva.

Táboa n.º 22. Evolución da distribución por xénero da poboación ocupada na acuicultura

ESTABLECEMENTO	N.º				%			
	2011	2013	2015	2017	2011	2013	2015	2017
Home	4801	3941	4507	4111	74,7 %	72,2 %	75,8 %	78,6 %
Muller	1630	1520	1442	1118	25,3 %	27,8 %	24,2 %	21,4 %
TOTAL	6432	5461	5949	5229	100 %	100 %	100 %	100 %

En canto á situación profesional, obsérvase que a estrutura en 2017 é bastante similar á de 2011. O elemento máis destacable é o crecemento observado na epígrafe doutras situacións, que se corresponde en gran medida con ocupación procedente do contorno familiar.

Táboa n.º 23. Evolución da poboación ocupada na acuicultura por situación profesional

Situación profesional	Persoas ocupadas			
	2011	2013	2015	2017
Conta allea	2023	1418	1745	1442
Conta propia	3818	3740	3949	3082
Outras situacións	591	289	255	705
Non sabe /Non contesta	0	14	0	0
Total	6432	5461	5949	5229

4.3. DATOS ECONÓMICOS

4.3.1. Pesca extractiva

A evolución da facturación do sector pesqueiro é bastante positiva. Ao longo do período 2010-2017 rexistrouse un incremento do 31,32 % equivalente a un crecemento anual do 3,97 % (os datos económicos da edición 2011 refírense ao ano 2010, e os datos económicos da edición 2013 refírense ao ano 2012). Se atendemos á súa distribución por estratos, os maiores incrementos observáronse no estrato de pesqueiras internacionais (8,14 % anual) e no de artes menores dentro do caladoiro nacional (4,98 % anual).

Táboa n.º 24. Evolución da facturación na pesca extractiva por estrato

CALADOIRO	Facturación total (miles de euros)			
	2010	2012	2015	2017
Caladoiro nacional Cantábrico-noroeste	272.294	286.387	263.456	316.452
Artes menores	86.700	75.627	92.156	121.862
Resto	185.593	210.760	171.300	194.590
Pesqueiras comunitarias	153.425	163.182	131.011	137.778
Pesqueiras internacionais	251.572	353.412	407.165	435.024
TOTAL	677.292	802.981	801.633	889.254

Se se atende á evolución da facturación por persoa ocupada, estes resultados son aínda máis positivos. Ao longo de todo o período 2010-2017 a facturación por persoa ocupada creceu un 58,5 %, equivalente a un ritmo do 6,80 % anual. Todos os estratos mostran un crecemento desta variable, pero especialmente destacable é o aumento observado nos estratos de pesqueiras internacionais (12,96 % anual) e de artes menores no caladoiro nacional (7,07 % anual).

Táboa n.º 25. Evolución da facturación por persoa ocupada na pesca extractiva por estrato

CALADOIRO	€ / Persoa ocupada			
	2010	2012	2015	2017
Caladoiro nacional Cantábrico-noroeste	24.591	28.599	31.145	34.090
Artes menores	11.522	11.257	16.077	18.582
Resto	54.780	63.944	62.816	71.414
Pesqueiras comunitarias	104.585	123.810	119.536	125.377
Pesqueiras internacionais	186.212	181.144	377.005	437.097
TOTAL	49.326	60.452	75.377	78.162

4.3.2. Acuicultura mariña

No caso da acuicultura mariña, o incremento da facturación por persoa ocupada foi do 6,3 % para todo o período (equivalente a un 0,87 % anual) grazas á positiva evolución do estrato granxas e criadeiras.

Táboa n.º 26. Evolución da facturación na acuicultura mariña por estrato

CALADOIRO	Facturación total (miles de euros)			
	2010	2012	2015	2017
Bateas	159.131	116.707	136.831	133.874
Parques de cultivo	10.531	16.084	18.122	8.449
Criadeiras, granxas, liñas de cultivo e gaiolas	106.714	84.901	92.979	114.699
Total	276.376	217.692	247.932	257.022

Táboa n.º 27. Evolución da facturación por persoa ocupada na acuicultura mariña por estrato

CALADOIRO	€ / Persoa ocupada			
	2010	2012	2015	2017
Bateas	34.505	27.840	30.985	34.415
Parques de cultivo	14.845	20.541	20.457	12.686
Criadeiros, granxas, liñas de cultivo e gaiolas	163.067	118.072	143.596	170.366
TOTAL	46.250	38.231	41.674	49.151

ÍNDICE DE TÁBOAS

TÁBOA N.º 1. TAMAÑOS DE POBOACIÓN E MOSTRA DOS SECTORES DA PESCA EXTRACTIVA E A ACUICULTURA. ANO 2017	9
TÁBOA N.º 2. POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA POR CALADOIRO/TIPO DE PESCA. ANO 2017	15
TÁBOA N.º 3. POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA POR ESTRATO. COMPARATIVA 2015-2017.....	17
TÁBOA N.º 4. POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA POR XÉNERO. ANO 2017	18
TÁBOA N.º 5. POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA POR CALADOIRO E NACIONALIDADE. ANO 2017	20
TÁBOA N.º 6. POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA POR CALADOIRO, TIPO DE PESCA E PROVINCIA. ANO 2017	22
TÁBOA N.º 7. POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA POR SITUACIÓN PROFESIONAL. ANO 2017	23
TÁBOA N.º 8. POBOACIÓN OCUPADA NA ACUICULTURA POR ESTRATO. ANO 2017.....	26
TÁBOA N.º 9. POBOACIÓN OCUPADA NA ACUICULTURA POR TIPO DE ESTABLECEMENTO. COMPARATIVA 2015-2017	26
TÁBOA N.º 10. POBOACIÓN OCUPADA NA ACUICULTURA POR TIPO DE ESTABLECEMENTO E XÉNERO. ANO 2017.....	27
TÁBOA N.º 11. POBOACIÓN OCUPADA NA ACUICULTURA POR TRAMOS DE IDADE. ANO 2017	28
TÁBOA N.º 12. POBOACIÓN OCUPADA NA ACUICULTURA POR NACIONALIDADE. ANO 2017	28
TÁBOA N.º 13. POBOACIÓN OCUPADA NA ACUICULTURA POR TIPO DE ESTABLECEMENTO E SITUACIÓN PROFESIONAL. ANO 2017 ...	29
TÁBOA N.º 14. FACTURACIÓN MEDIA NA PESCA EXTRACTIVA POR ESTRATO. ANO 2017	31
TÁBOA N.º 15. FACTURACIÓN MEDIA NA ACUICULTURA POR ESTABLECEMENTO. ANO 2017.....	33
TÁBOA N.º 16. EVOLUCIÓN DA OCUPACIÓN NA PESCA EXTRACTIVA POR ESTRATO.	34
TÁBOA N.º 17. EVOLUCIÓN DA DISTRIBUCIÓN POR XÉNERO DA POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA	35
TÁBOA N.º 18. EVOLUCIÓN DA DISTRIBUCIÓN POR TRAMOS DE IDADE DA POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA	35
TÁBOA N.º 19. EVOLUCIÓN DA DISTRIBUCIÓN POR NACIONALIDADE DA POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA.....	36
TÁBOA N.º 20. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA POR SITUACIÓN PROFESIONAL.	36
TÁBOA N.º 21. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN OCUPADA NA ACUICULTURA POR ESTRATO.	37
TÁBOA N.º 22. EVOLUCIÓN DA DISTRIBUCIÓN POR XÉNERO DA POBOACIÓN OCUPADA NA ACUICULTURA	38
TÁBOA N.º 23. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN OCUPADA NA ACUICULTURA POR SITUACIÓN PROFESIONAL.....	38
TÁBOA N.º 24. EVOLUCIÓN DA FACTURACIÓN NA PESCA EXTRACTIVA POR ESTRATO.....	39
TÁBOA N.º 25. EVOLUCIÓN DA FACTURACIÓN POR PERSOA OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA POR ESTRATO.	40
TÁBOA N.º 26. EVOLUCIÓN DA FACTURACIÓN NA ACUICULTURA MARIÑA POR ESTRATO.	40
TÁBOA N.º 27. EVOLUCIÓN DA FACTURACIÓN POR PERSOA OCUPADA NA ACUICULTURA MARIÑA POR ESTRATO.....	41

ÍNDICE DE GRÁFICOS

GRÁFICO N.º 1. TAMAÑOS DE POBOACIÓN E REPRESENTATIVIDADE DA MOSTRA NOS SECTORES DA PESCA EXTRACTIVA E A ACUICULTURA. ANO 2017	10
GRÁFICO N.º 2. TRIPULANTES POR ESTRATO. ANO 2017	16
GRÁFICO N.º 3. POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA POR TRAMO DE IDADE. ANO 2017	19
GRÁFICO N.º 4. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL POR NACIONALIDADE DA POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA. ANO 2017	21
GRÁFICO N.º 5. POBOACIÓN OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA POR SITUACIÓN PROFESIONAL. ANO 2017	24
GRÁFICO N.º 6. POBOACIÓN OCUPADA NA ACUICULTURA POR SITUACIÓN PROFESIONAL PARA CADA TIPO DE ESTABLECEMENTO. ANO 2017	30
GRÁFICO N.º 7. EUROS POR PERSOA OCUPADA NA PESCA EXTRACTIVA. ANO 2017	32

 Xacobeo 2021

galiçia



XUNTA
DE GALICIA